

SESIÓN DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 5 DE

XULLO DE 2019

No despacho da Alcaldía na casa do Concello de Cambre, ás nove horas do día cinco de xullo de dous mil dezanove, logo da convocatoria que realizou o señor alcalde don Óscar A. García Patiño, dentro do prazo establecido no artigo 132.1 do Regulamento orgánico municipal, se reuniu a Xunta de Goberno Local coa asistencia dos señores concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguineo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Daniel Mallo Castro.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

A seguir, cúmprense os trámites segundo a orde do día da convocatoria da sesión constitutiva.

1º.- Constitución da Xunta de Goberno Local

Coa asistencia dos señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguineo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei, cúmplense coa maioría absoluta dos concelleiros que a compoñen, tal como establece o artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal, o señor alcalde declara constituída a Xunta de Goberno Local.

2º.- Coñecemento das atribucións que corresponden á Xunta de Goberno Local a teor do previsto no artigo 71 do Regulamento orgánico municipal

Os presentes quedan enterados do establecido no artigo 71 do Regulamento orgánico municipal respecto das competencias que corresponden á Xunta de Goberno Local e que se transcribe literalmente a seguir:

“Artigo 71:

Correspóndelle á Xunta de Goberno Local:

a) A asistencia ó Alcalde no exercicio das súas atribucións. É unha atribución propia e indelegable. Para tal fin, a Xunta de Goberno Local será informada de tódalas decisións do Alcalde. Esta información terá carácter previo á adopción da decisión sempre que a importancia do asunto así o requira.

b) As atribucións que o Alcalde ou o Pleno lle deleguen ou lle atribúan as leis.”

Respecto da alínea a) anterior, tendo en conta as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde correspondentes ás áreas nas que se estruturan os servizos municipais, e que supón a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, isto segundo a Resolución da Alcaldía número 1323/2019, de data 1 de xullo de 2019, tanto o señor alcalde como os concelleiros delegados de área deberán informar á Xunta de Goberno Local de todas as resolucións que adopten, tendo en conta que a citada información se deberá efectuar antes de ditar a resolución sempre que a importancia do asunto así o requira.

Respecto da alínea b), os señores concelleiros quedan enterados da Resolución da Alcaldía número 1324/2019, de 1 de xullo, de delegación de atribucións a prol da Xunta de Goberno Local que se transcribe literalmente a seguir:

“O artigo 23.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 71 do Regulamento orgánico municipal establecen que lle corresponde á Xunta de Goberno Local a asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións, así como as atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen, ou as que lle atribúan as leis.

Os artigos 47 e 74 do Regulamento orgánico municipal establecen que o alcalde pode efectuar delegacións a prol da Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, tendo os acordos adoptados o mesmo valor que as resolucións que dite o alcalde no exercicio das atribucións non delegadas.

O artigo 61.4 da Lei 5/1997 e artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, establecen que o acordo de delegación determinará o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades ou potestades que se deleguen, así como as condicións específicas do seu exercicio.

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 44 do Regulamento orgánico municipal establecen as atribucións que corresponden ao alcalde, determinando no seu apartado 3, cales desas atribucións poden ser obxecto de delegación.

Facendo uso das citadas atribucións, **RESOLVO:**

Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación, con excepción das competencias delegadas mediante Resolución desta Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo, na concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, respecto da dirección e xestión administrativa da contratación local, as competencias que o artigo 118 da LCSP atribúe ao órgano de contratación na tramitación dos contratos menores, e a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes nos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído.

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no *Boletín Oficial da Provincia*, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución."

3º Aprobación de expediente de contratación: "Contratación, mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), da subministración de mobiliario para as novas dependencias de Servizos

Sociais e do Centro social xuvenil–Casa Arrigada, no Concello de Cambre”. Expediente núm. 2019/C005/000003

Vista a proposta de Alcaldía de data 3 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 10 de xuño de 2019, elaborouse pola coordinadora de Servizos Sociais municipal, polo animador xuvenil e polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios e xustificación da elección do procedemento para a contratación da subministración de mobiliario para as novas dependencias de Servizos Sociais e do Centro Social xuvenil- Casa Arrigada, do Concello de Cambre, cun valor estimado de 83.424,48 euros e un orzamento base de licitación de 91.766,93 euros IVE incluído.

Con data 3 de xullo de 2019 asínase pola coordinadora de Servizos Sociais municipal, polo animador xuvenil e polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal, o informe técnico que contén os criterios de valoración das proposicións, as condicións especiais de execución do contrato, a solvencia económica e financeira e solvencia técnica, as penalidades no caso de execución defectuosa e demora, e a proposta dos responsables para a contratación da subministración de mobiliario para as novas dependencias de Servizos Sociais e do Centro Social xuvenil-Casa Arrigada, do Concello de Cambre, achegando o documento de prescricións técnicas.

Consta Informe de Intervención emitido o 15 de abril de 2019 pola técnica de xestión orzamentaria de gastos e contabilidade, respecto da existencia no orzamento de 2019 de crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias 337.62500 e 231.62500

Visto o informe emitido pola Secretaría e Intervención municipais favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato para dar cumprimento ás competencias que ten atribuídas o concello, co fin de dotar de elementos necesarios unhas oficinas de próxima apertura para ubicar a sede do Departamento de Servizos Sociais Municipal, (na rúa Río Barcés nº 4, Urbanización A Barcala, 15660 Cambre), e maila Oficina Municipal de Información Xuvenil, “Casa Arrigada” (sita na Estrada da Estación nº 52, 15660 Cambre), esto de conformidade co establecido no artigo 25.2 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (o concello exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “... *equipamentos da súa titularidade*”), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao

ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2019/C005/000003, por procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática), correspondente á subministración de mobiliario para as novas dependencias de Servizos Sociais e do Centro Social xuvenil- Casa Arrigada, do Concello de Cambre, dividíndose o obxecto do contrato en dous lotes, e cun valor estimado total de 83.424,48 euros e un orzamento base de licitación de 91.766,93 euros IVE incluído.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta das aplicacións orzamentarias 337.62500 e 231.62500, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e mailo prego de prescricións técnicas, e aprobar as características propias deste contrato, tal e como aparecen reflectidas no Anexo I do prego administrativo.

Quinto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidente: O sr. alcalde e, como suplente, a concelleira delegada de economía, facenda e recursos humanos.

Vogais: A secretaria xeral da Corporación e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa.

O interventor municipal e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa.

O coordinador de actividades culturais e educativas municipal, e como suplente, a educadora social dona Ana Paula Suárez Villaverde

Secretaria: A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación e, como suplente, a auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a Juncal Capín Fonseca.

Sexto: Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do correspondente anuncio no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP.

Sétimo: Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante, así como os documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.



E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia